

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2018

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é **“OS MOZOS E A SAÚDE MENTAL NUN MUNDO EN TRANSFORMACIÓN”**, co obxectivo de chamar a atención sobre a importancia de mellorar o investimento público e a participación dos sectores social, de saúde e da educación en programas integrais, integrados e baseados en evidencias para a saúde mental dos mozos.

Desde esta perspectiva, a Confederación SAÚDE MENTAL ESPAÑA propón o lema **“Educación inclusiva, saúde mental positiva”** mediante o que se pretende reivindicar unha educación que aposte polos valores, que traballe a diversidade e a inclusión e que teña en conta os retos dunha sociedade que cambia a unha velocidade de vertixe, para que se consiga unha saúde mental máis positiva das xeracións futuras.

Desde o Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo aproveitamos esta data para seguir poñendo en valor o traballo cotián das entidades que forman parte da nosa organización e de moitas outras que operan neste ámbito na cidade de Vigo, manifestar pleno apoio ás accións do Día Mundial da Saúde Mental e reiterar o noso compromiso de seguir traballando pola mellora da imaxe das persoas con enfermidades mentais e da atención de todas as súas necesidades.

Por todo iso, unímonos ao obxectivo do Día Mundial da Saúde Mental deste ano para promover programas que dean a coñecer aos adolescentes e aos adultos novos como coidar a súa saúde mental e que axuden aos seus compañeiros, pais e mestres a saber como prestar apoio aos seus amigos, fillos e alumnos.

Vigo, 1 de outubro de 2018

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política Social do Concello de Vigo
Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas